

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Promoción Económica, Emprego e Comercio

*Bases e convocatoria de axudas para o apoio á empresas de recente creación "Compostela móvese 2015"*

#### **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO Á EMPRESAS DE RECENTE CREACIÓN "COMPOSTELA MÓVESE 2015"**

##### **1.º. Obxecto.**

Establécense as bases reguladoras do programa do COMPOSTELA MÓVESE 2015 "Axudas á empresas de recente creación" para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas ao fomento da creación e desenvolvemento de empresas e/ou proxectos de autoemprego iniciando actividade baixo o Réxime de Traballadores Autónomos no Concello de Santiago.

##### **2.º. Finalidade.**

A finalidade destas axudas é fomentar o a creación e desenvolvemento de tecido empresarial no Concello apoiando a empresas e iniciativas de autoemprego mediante axudas a fondo perdido ao gasto corrente no que incorren estas iniciativas nun momento especialmente delicado na súa supervivencia empresarial como son os primeiros dous anos de actividade.

##### **3.º. Persoas beneficiarias.**

Poderán resultar beneficiarios das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Iniciar a súa actividade económica entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 11 de setembro de 2015.
- Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que a persoa solicitante cause alta no IAE ou no seu caso no censo de obrigados tributarios.
- Ter a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Santiago.
- A súa actividade empresarial sexa viable económica, financeira e tecnicamente.
- Non percibisen subvencións ao abeiro do programa de axudas Santiago Investors Support nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non desenvolvesen a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non poderán ser persoas beneficiarias da presente subvención as persoas xurídicas resultado da fusión doutras pre-existentes que non cumpriran os requisitos previstos na presente cláusula, así como os solicitantes que se amparen para acreditar o cumprimento da condición de beneficiario en meros cambios de denominación, domicilio social ou calquera modificación nos estatutos.

##### **4.º. Criterios de concesión.**

Teranse en conta na valoración dos proxectos empresariais presentados a esta convocatoria os seguintes criterios:

##### **A. PROXECTO EMPRESARIAL**

- a) Calidade do plan de empresa presentado: Valorarase con un máximo de 2 puntos a calidade, e rigorosidade técnica do proxecto empresarial presentado en función do informe emitido por persoal competente do Concello de Santiago de Compostela en base á análise do plan de empresa presentado na solicitude.
- b) Utilización de recursos da zona: valorarase con un máximo de 2 puntos que a actividade empresarial empregue no seu proceso productivo activos específicos locais.
- c) Idea empresarial promovida por mulleres: valorarase con dous puntos cando a empresa sexa promovida por mulleres. Entenderanse como tales os proxectos de autoemprego promovidos por mulleres, as empresas cando a

maioría do capital social sexa apotado por mulleres, ou no caso de empresas de economía social, cando o número de persoas socias sexa maioritariamente mulleres.

d) Aportación da actividade da empresa ao desenvolvemento da economía colaborativa:

- Valorarase con un punto que a empresa fomente na súa actividade empresarial a economía colaborativa, tanto no ámbito da produción de bens e servizos coma no consumo.
- Valorarase con un punto que a empresas sexa unha empresa de economía social ou unha cooperativa.

e) Aportación da idea empresarial ao desenvolvemento do tecido económico local, valorarase con un máximo de 5 puntos, outorgando un punto por sector no que se observe actividade da empresa de entre os seguintes sectores de actividade:

- Actividades primarias e manufactureiras.
- Actividades enmarcadas nas chamadas industrias creativas: a industria cultural (arte, entreteñemento, deseño, arquitectura, publicidade e gastronomía) e a tecnoloxía do coñecemento (educación, investigación e desenvolvemento, alta tecnoloxía, informática, produción de software, novos medios de comunicación, telecomunicacións, robótica, nanotecnoloxía, e industria aeroespacial).
- Actividades baseadas na explotación comercial de resultados de proxectos de investigación da USC.
- Comercio retalheiro de proximidade.
- Novos produtos turísticos, especialmente os dirixidos ao turismo idiomático e as actividades de apoio á creación de axencias e servizos receptivos . Empresas de servizos ao turista: tours, visitas guiadas, creación de paquetes turísticos...
- Actividades baseadas na prestación de servizos ás persoas e que melloren a calidade de vida da cidadanía, e en particular as ligadas ás tarefas de coidado e atención a persoas dependentes.
- Actividades de servizos avanzados ás empresas e á administración, empregando a posición xeográfica de Santiago no centro do principal eixe económico urbano galego e/ou a presenza
- Ou calquera outra actividades empresarial que pertenza a un novo viveiro de emprego dos definidos nas ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as axudas e subvencións ás empresas cualificadas como Iniciativas Locais de Emprego.

## B. EMPREGO CREADO POLA EMPRESA

Valorarase con un máximo de 10 puntos:

- Por cada posto de traballo creado (incluído o da persoa ou persoas promotoras) : 2 punto por persoa.
- Por cada posto de traballo creado ocupado por persoas que pertencen ao censo de habitantes de Santiago de Compostela: 1 punto por persoa.
- Por cada posto de traballo creado (incluído o da persoa ou persoas promotoras) ocupado por unha muller: 2 puntos por persoa
- Por cada posto de traballo creado (incluído o da persoa ou persoas promotoras) ocupado por persoas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social segundo o definido na LEI 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, artigo 3.º, punto 1, que se transcribe a continuación:

### Artigo 3.-Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social.

1. Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.

- g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.
- i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- j) Pertencer a unha minoría étnica.
- k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

Cada posto de traballo creado por conta allea serán valorados coa máxima puntuación do apartado cando o contrato sexa a tempo completo e con unha duración mínima de seis meses. No caso de que o contrato sexa de seis meses pero a tempo parcial, ou a tempo completo inferior a seis meses, a valoración será proporcional á xornada realizada, ou ao número de horas á semana ou ao mes contratado, tendo como referencia o contrato a seis meses e a tempo completo.

Os contratos indefinidos celebrados a media xornada terán unha valoración adicional, en cada un dos baremos de emprego, de 0,5 puntos.

Os contratos indefinidos celebrados a xornada completa terán unha valoración adicional, en cada un dos baremos de emprego, de 1 punto.

Os postos de traballo xerados por conta propia, na modalidade de traballadores/as autónomos valoraranse sempre coa totalidade da puntuación indicada en cada apartado.

#### C. USO DO GALEGO NO PROXECTO EMPRESARIAL

Valorarase con 0.5 puntos o uso do galego na elaboración do plan de empresa presentado e con 0.5 puntos a declaración da realización en galego da actividade empresarial.

Será requisito indispensable para optar á concesión da subvención obter unha puntuación global igual ou superior a 7 puntos. Os proxectos que non acaden dita puntuación serán eliminados do proceso de selección. As iniciativas empresariais que teñan obtido informe positivo do Servizo de Apoio á Empresa do Concello de Santiago para a súa cualificación como Iniciativas Locais de Emprego estarán exentas do cumprimento deste requisito de puntuación mínima, obtendo axuda en calquera caso e proporcionalmente á puntuación obtida segundo o establecido na base 5ª desta convocatoria.

#### 5.º. Gastos subvencionables.

Terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes realizados e pagados entre o un de xaneiro de 2015 e o 11 de setembro de 2015 nos seguintes conceptos:

1. Custo de persoal (salario e seguridade social) contratado por conta allea, cuotas autónomos (RETA ou calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social) do empresario individual e socios, e cuotas das mutuas dos colexios profesionais.
2. Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos.
3. Gastos de investigación e desenvolvemento.
4. Arrendamentos e canons.
5. Reparacións e conservacións.
6. Servizos profesionais independentes.
7. Transportes.
8. Primas de seguros.
9. Publicidade, propaganda y relaciones publicas.
10. Subministrados
11. Gastos de formalización de constitución da sociedade se é o caso.

Non serán subvencionables en ningún caso os investimentos en activo non corrente.

Esíxese un mínimo de 1.500,00 € (IVE incluído) en gastos xustificados para poder concorrer a esta convocatoria, salvo para as iniciativas empresariais que teñan obtido informe positivo do Servizo de Apoio á Empresa do Concello de Santiago para a súa cualificación como Iniciativas Locais de emprego, que estarán exentas deste requisito.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, domiciliación bancaria, talón bancario ou mediante tarxeta de crédito. Non se admitirán pagos en efectivo

Segundo o artigo 29.8.º da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado con outros fins.

#### 6.º. Contía da subvención.

Ao presente programa destínase unha partida de 100.000 € con cargo aos orzamentos municipais do ano 2015 partida Promoción Económica 2015070 43300 47901.

O órgano competente, á vista dos proxectos presentados e da proposta da Comisión de Valoración, decidirá en aplicación do baremo o número de proxectos a subvencionar.

O importe da subvención será o de menor contía entre os dous seguintes:

a) O calculado segundo aplicación da seguinte fórmula:

Importe da axuda ao proxecto (i) = (orzamento global da convocatoria) x (puntuación obtida polo proxecto i) / sumatorio das puntuacións obtidas por todos os proxectos con dereito a subvención

b) O importe total dos gastos xustificados do proxecto.

En todo caso, a contía individualizada da subvención a outorgar será como máximo de 5.000 € por proxecto empresarial, con independencia do número de beneficiarios que a compoñan. A contía da axuda poderá acadar ata o 100% dos gastos subvencionables. O importe da subvención será proporcional á puntuación acadada polos proxectos. Será necesario un mínimo de 7 puntos para optar á subvención salvo para as iniciativas empresariais que teñan obtido informe positivo do Servizo de Apoio á Empresa do Concello de Santiago para a súa cualificación como Iniciativas Locais de Emprego.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

#### 7.º. Solicitudes y documentación.

1. As solicitudes realizadas no modelo de instancia adxunto a estas bases, dirixiranse á Oficina de Economía dependente da Concellaría de Economía, Comercio, Turismo e Mercados, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4), ou o seu rexistro auxiliar (Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16) ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico e procedemento administrativo común. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación orixinal ou fotocopia compulsada:

- Alta no réxime de autónomos da/s persoa/s promotor/s. Acompañarase tamén a esta alta Informe de Vida laboral do/a autónomo/a a efectos da comprobación dos requisitos establecidos no punto 3.º destas bases.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, no seu caso.
- Alta no IAE ou no seu caso da declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- NIF/CIF da persoa física ou xurídica. E neste último caso DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite a dita representación.
- Gastos subvencionables para os que se solicita a axuda (Facturas, nóminas, TCs). Deberán achegarse os comprobantes de pagamento mediante transferencia bancaria, domiciliación do gasto en conta corrente ou cargo en conta de talóns e pagos con tarxetas bancarias Non se admitirán orzamentos ou facturas pro forma.

Para a xustificación dos gastos de persoal deberán aportarse as nóminas, os contratos de traballo e certificación da empresa (unha por traballador/a e contrato) desglosando os gastos correspondentes á seguridade social da empresa de cada nómina segundo o modelo recollido no anexo II.

- Certificado bancario de titularidade de conta.
- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e Facenda do Concello de Santiago Se o importe de gastos xustificados pola empresa

é inferior a 3.000,00 € será suficiente con presentar declaración responsable de estar ao corrente en pagos con estas administracións segundo o modelo do anexo I.

- Declaración de tódalas axudas solicitadas ou concedidas, durante os tres anos anteriores, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións (anexo II).
- Un plano de empresa, segundo o modelo normalizado que figura como anexo III, que acreditará a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto, así como toda a información relativa á actividade económica da empresa útil para a súa valoración de acordo co baremo establecido. . Poderase utilizar outro modelo sempre que, contendo como mínimo a información do modelo normalizado, acredite a viabilidade económica, financeira, e técnica do proxecto.
- O emprego xerado acreditarase mediante a alta no correspondente réxime da seguridade social dos promotores e os contratos de traballo do persoal contratado por conta allea.
- No seu caso, declaración de concorrer ou de atoparse nalgunha das situacións valorables consonte os criterios de concesión establecidos, segundo o modelo normalizado que se achega como anexo IV. O anexo IV ten que acompañarse de documentación que acredita para cada persoa nel relacionada as condicións a valorar.
- Declaración de documentación presentada, que se achega como Anexo V, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder desta administración, achegará no seu lugar, debidamente cuberta, dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.
- Declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (anexo VI ).
- Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no caso contrario terase por desistido/a na súa petición.

#### **8.º. Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo xeral de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña e rematará o 11 de setembro de 2015.

Para a presentación das solicitudes de axudas as persoas beneficiarias poden contar co asesoramento do Servizo de Apoio á Empresa da Oficina de Economía do Concello de Santiago.

#### **9.º. Instrución do procedemento.**

Recibidas as solicitudes, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Área de Economía da Oficina de Promoción Económica e Emprego tendo en conta o establecido no artigo 71 da Ley 30/1992 de Rexime Xurídico das Administracións Púlicas e do Procedemento Administrativo Comun.

A Área de Economía da Oficina de Promoción Económica e Emprego realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

A avaliación das solicitudes, consonte aos criterios de valoración establecidos na base 3ª, realizarase pola unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente/a: o concelleiro/a responsable da Promoción Económica.

Vocais: catro técnicos municipais, nomeados polo Presidente, pertencentes a os grupos A1 y/o A2.

Actuará como secretario/a un funcionario/a do departamento de Promoción Económica (sin voto na súa calidade de Secretario/a).

Á vista da avaliación efectuada pola comisión, a Concellaría de Promoción Económica formulará proposta de resolución na que se indicarán as empresas beneficiarias e importes concedidos, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

#### **10.º. Resolución do órgano competente.**

O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago.

O procedemento resolverase no prazo máximo de 6 meses a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude estenderase desestimada por silencio administrativo.

#### **11.º. Recursos.**

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **12.º. Obrigas das persoas beneficiarias.**

- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Comunicar ao órgano concedente, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Manter a empresa, nas mesmas condicións que determinaron a obtención da subvención, polo prazo mínimo dun ano dende a súa creación. O incumplimento desta obriga será causa de revogación da subvención concedida.
- A os efectos do cumprimento do previsto pola Lei 0/2007 de Subvencións de Galicia no referente a publicidade; o Concello facilitará o soporte gráfico que publicite a concesión da subvención, soporte que deberá figurar polo prazo dun ano dende a concesión nun lugar visible da sede social da empresa y/ou reproducido na portada Web vinculada a empresa.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

#### **13.º. Incompatibilidades.**

A presente axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 € nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 Euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE n.º L379/5, do 28 de decembro).

Esta axuda será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª parágrafo 3.º.

Esta axuda será incompatible con outras subvencións ou axudas concedidas para o mesmo fin polo Concello de Santiago de Compostela, en particular coas convocatorias de financiamento de gasto corrente do programa Urbana Santiago Norte dos anos 2013 e 2014.

#### **14.º. Reintegro.**

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

#### **15.º. Modificación da resolución de concesión.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

#### **16.º. Entrada en vigor e vixencia.**

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **17.º. Financiamento.**

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 100.000 € con cargo aos orzamentos municipais do ano 2015 partida de Promoción Económica 2015070 43300 47901.

**18.º Normativa.**

Para calquera outro aspecto non contemplado nestas será de aplicación a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

En Santiago de Compostela, a 2 de xullo de 2015.

Marta Lois González

Concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela

## INSTANCIA DE SOLICITUDE

<b>1.-DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL SOLICITANTE:</b>		
DNI/CIF	Nome e apelidos/razón social	
Rúa/número /		
Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico		
<b>2.-DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:</b>		
DNI/CIF	Nome e apelidos/razón social	
Rúa/número /		
Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico		
<b>3.-DATOS DA ACTIVIDADE ECONOMICA PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA</b>		
Actividade económica		
Data de inicio da actividade		
Data alta RETA		
Enderezo fiscal		

EXPÓN:

--

SOLICITA:

--

Santiago de Compostela, ..... a día ..... 2015.

Asdo.: O interesado

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE:**

- DNI/NIE/CIF, física ou xurídica. E neste último caso DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite a dita representación.
- Alta no Réxime de autónomos da/s persoas/s promotora/s.
- Alta no IAE ou no seu caso da Declaración de Alta no censo de obrigados tributarios.
- ANEXO 1.–Certificado de estar o corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Xunta de Galicia, e Concello de Santiago de Compostela.
- ANEXO 2.–Declaración de tódalas axudas solicitadas ou concedidas durante os tres anos anteriores polas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais ou de ser o caso unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.
- A procedencia do desemprego do promotor ou promotores así como os empregados por conta allea acreditarase mediante (presentar ambas).
  - Certificación relativa os períodos de inscrición como demandante de emprego.
  - Informe de Vida Laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificación de empadramento no caso de estar empadrado no Concello de Santiago.
- Certificado de existencia de conta bancaria, identificada con código BIC e IBAN.
- ANEXO 3.–Un plano de empresa segundo o modelo normalizado que figura como anexo 3 que acreditará a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto.
- O emprego xerado acreditarase mediante a alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos promotores e os contratos de traballo do persoal contratado por conta allea.
- Documentación que acredite o estar incurso nalgunha das situacións de risco de exclusión social, no seu caso.
- ANEXO 4.–Declaración no seu caso de concorrer ou de atoparse nalgunhas situacións valorables conforme os criterios de concesión establecidos segundo o modelo normalizado que se achega como anexo 4.
- ANEXO 5.–Declaración de documentación presentada que se achega como anexo 5, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración achegará nos eu lugar debidamente cuberta dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.
- ANEXO 6.–Declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria recollidas nos apartados segundo e terceiro do artigo 10 da Lei 9 /2007 de Subvencións de Galicia.
- Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente

## ANEXO I

## Declaración xurada de estar ao corrente nos pagamentos

D. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_

## DECLARA BAIXO XURAMENTO:

– Que se atopa ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, con Facenda (Axencia Estatal da Administración Tributaria e Xunta de Galicia) e co Concello de Santiago de Compostela.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015.

Asdo. \_\_\_\_\_



No caso de xustificación de gastos de persoal, cubrir o seguinte cadro para cada unha das persoas e contratos empregos para a xustificación:

D. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

En relación aos gastos de contratación de D./dna.

CERTIFICA como válida a información contida no seguinte cadro:

Período nómina	Importe global	Gastos de Seguridad Social da empresa	Xustificante de pagamento	Data de pagamento

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015.

Asdo. \_\_\_\_\_



3.-Mercado	3A.-Clientes para o produto-servizo. 3B.-A Competencia da empresa. 3C.-Os Proveedores da empresa 3D.-Outros aspectos: Regulación legal
------------	---

4.-Recursos Humanos da Empresa	4A.-Postos de traballo a crear para os promotores. 4B.-Postos de traballo a crear por conta allea. 4C.-Organigrama da empresa
--------------------------------	---

5.-Outros datos a ter en conta	5A.-Axudas e subvencións que se poden solicitar para a nova empresa. 5B.-Forma xurídica prevista para a nova empresa. 5C.-Outros datos a comentar: contribución da empresa ao desenvolvemento económico do Concello de Santiago.
--------------------------------	--

DATOS ECONÓMICOS	
Investimento inicial	(en €)
Edificios e locais	
Acondicionamento de locais	
Maquinaria	
Mobiliario	
Elementos de transporte	
Equipos informáticos	
Aplicacións informáticas	
Patentes e marcas	
Outros activos fijos (especificar)	
Custe licencias, taxas, honorarios...	
Mercancía inicial	
Tesorería Inicial	
Total investimento	
<b>Financiamento inicial</b>	
Aportacións propias	
Préstamos / créditos	
Outros	
<b>Total financiamento</b>	
NOTA.-O total investimento debe ser igual ó total financiamento. Todas as cantidades deben especificarse sen IVE	

## Previsión de ingresos e gastos para o primeiro ano:

Ingresos anuales	
Ventas Produto/Servizo 1:	
Ventas Produto/Servizo 2:	
Ventas Produto/Servizo 3:	
Ventas Produto/Servizo 4:	
Total ingresos	
Gastos anuales	
Compra mercaderías, materias primas	
Soldos e salarios dos promotores	
Soldos e salarios contratados	
Seguridade social, cuotas autónomos	
Seguridade social, contratados	
Intereses préstamos	
Alugueiros	
Servizos profesionais (asesoría)	
Auga	
Luz	
Teléfono	
Tributos	
Publicidade, promoción e RR.PP.	
Primas de seguros	
Material de oficina	
Outros gastos	
<b>Total gastos</b>	

Asdo.: \_\_\_\_\_

## ANEXO IV

Don/a ....., con DNI....., en representación da empresa .....con NIF/CIF.....DECLARA no referente á creación de postos de traballo na posta en funcionamento da empresa que se ten xerado os seguintes (incluir tamén os das persoas promotoras se procede):

Denominación posto traballo	Tipo de contrato	Nome da persoa que o ocupa	DNI da persoa que o ocupa	Censado/a no Concello de Santiago?	Posto ocupado por unha muller?	Posto ocupado por unha persoa que pertenza a colectivos en risco de exclusión social?

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015.

Asdo.: \_\_\_\_\_



## ANEXO V

## DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN YA PRESENTADA ANTE O CONCELLO (CUBRIR E PRESENTAR SÓ SE PROCEDE)

D. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## DECLARA:

Que a documentación enumerada a continuación xa obra en poder do Concello de Santiago e non sufriu ningún tipo de variación desde a súa presentación (indicar número de expediente e asunto para a súa localización):

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015.

Asdo.: \_\_\_\_\_

## ANEXO VI

D. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_

## DECLARA BAIXO XURAMENTO:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.
- Empregar o idioma galego no desenvolvemento da actividade empresarial obxecto desta axuda.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015.

Asdo.: \_\_\_\_\_

2015/8366